



Ortigueira



APROBADA A MOCIÓN SOBRE O ESTADO DOS CENTROS EDUCATIVOS NO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

Aprobada por unanimidade con 12 votos a favor (BNG, PSOE, PO e PP)

O pasado 30 de agosto o BNG presentou por rexistro unha **reunión urxente de portavoces**, e deuse traslado desta solicitude no grupo de portavoces que se creou na plataforma de WhatsApp. Esta solicitude de reunión foi **aceptada por PSOE e por PO**, pero **non se obtivo resposta** por parte do **cogoberno** formado por **PP e XA**. Nesta solicitude pedíase unha reunión entre todos os partidos locais para tratar de **buscar solucións** rápidas e urxentes ás deficiencias máis graves que presentaba o CEIP José María Lage **antes do comezo do curso escolar 2023/2024**.

Unha vez iniciado o curso e facerse patente algunhas das problemáticas que máis preocupaba á comunidade educativa, vímonos na obriga de presentar unha Moción para falar do tema, xa que seguíamos sen resposta por parte do Goberno PP-XA e a preocupación de nais e de pais ía en aumento polas picaduras das crianzas.

No pleno do 29/09 debateuse sobre dita moción e, a pesar da trifulca e dos reproches mútuos que houbo entre dous dos partidos que conformaban a corporación municipal anterior (principalmente PP - PSOE), conseguiuase sacar adiante a moción por unanimidade, 12 votos a favor (ausente a concelleira de XA).

Entre os **acordos** que se aproban coa moción están o de **realizar un estudo** de mantemento e rehabilitación de todos os centros educativos con competencia do Concello, **reservar unha partida orzamentaria** para cubrir os obxectivos e necesidades urxentes que se conclúan do estudo anterior e de **realizar as obras pendentes e licitadas** na anterior lexislatura no CEIP José María Lage.

ASÍ NON...

No pleno celebrado o 10 de agosto no turno de rogos e preguntas e despois de publicar en redes sociais a nosa queixa do mal uso que se lle estaban dando ás canles informativas do Concello de Ortigueira, o noso portavoz municipal Marco Schaal, solicitou que o goberno PP-XA deixase de empregar as RRSS do Concello de Ortigueira como plataforma de propaganda personalista e partidista e que se centrasen en publicar información de interese e relevante para toda a veciñanza.

Esta petición, máis que tomarse en consideración, serviu para que o goberno PP-XA seguise e intensificase as publicacións para resaltar á concelleira ou ao concelleiro de turno máis que para informar de actividades, cursos e/ou información para toda a veciñanza.

E é por iso que o pasado 27 de agosto lle trasladáramos aos portavoces dos partidos políticos locais as numerosas queixas que o noso partido está recibindo de veciños e veciñas sobre o uso que está facendo o goberno PP-XA das redes sociais do Concello de Ortigueira, que para nada corresponden á actividade institucional dunha administración PÚBLICA e non PARTIDISTA.

Consideramos que se pode facer un mellor uso tanto das publicacións como das imaxes que se están empregando, que sexan máis neutrais e sen promocionar á concelleira e/ou concelleiro de turno, nin a outras persoas vinculadas directamente cos partidos de goberno e da súas candidaturas. Cremos que para iso están as redes sociais persoais ou dos partidos locais e non as institucionais, que deben ser neutrais e de información para TODA a veciñanza.



ASI SI...

Como vimos que o Goberno PP-XA seguía publicando o que non debía desde as RRSS do Concello, desde o BNG comezamos a elaborar un "ProtocoloE ou "Guía" para un bo uso das RRSS do Concello de Ortigueira e que levaremos e presentaremos na vindeira Comisión de Asuntos Xerais.

Este protocolo caracterízase por despolitizar as RRSS, governe quen governe, incluíndo unha política de contidos, protección de datos, dereitos de imaxe, normalización lingüística e outras recomendacións.

En definitiva, trátase dun documento aberto ao debate para incluír propostas e melloralo co obxectivo de conseguir o maior consenso posíbel dos partidos políticos locais.



Estamos en **TELEGRAM**

Síguenos!

APROBADA A NOSA MOCIÓN SOBRE A SITUACIÓN DO TRANSPORTE POR ESTRADA NA COMARCA

Votos a favor 7 (BNG, PSOE, PO). Abstencións 5 (PP)

Presentamos esta moción ante a constancia de **queixas** de moitas usuarias do **deficiente servizo** do transporte público que se ofrece no Concello de Ortigueira, cuns horarios que ás veces non corresponden, por impoñer rutas con **horarios incompatíbeis** coa vida laboral e familiar da nosa veciñanza por outros horarios que favorecen ás empresas adxudicatarias, por eliminar conexións que favorecerían o transporte entre concellos colindantes e que poderían servir para que o alumnado puidese estudar no Concello de Cariño, de Cedeira ou de Viveiro pero seguir residindo en Ortigueira ou que o alumnado doutros concellos puidesen vir estudar a Ortigueira os ciclos de madeira ou dependencia. Todo isto fai que **a xuventude** do noso concello **non teña as mesmas oportunidades** de estudo ou traballo que outra que reside noutros lugares. Sen esquecer a veciñas e veciños que residen noutros concellos da comarca que tamén sofren un servizo deficiente no seu día a día e o incumprimento de actualizar os vehículos utilizados que deberían levar **medidas de seguridade** como, por exemplo, os desfibriladores

Certo é que contamos cun **Goberno da Xunta de Galicia** que se farta a falar de estar levando a cabo a **"lexislatura do rural"**, mais os seus actos só confirman o contrario e que é a **"lexislatura do desmantelamento do rural"**. Algo que desde o BNG levamos denunciado desde fai anos. Ademais deste desmantelamento, demostran un total **desprezo** á nosa comarca e en especial **ao Concello de Ortigueira**: ao peche de sucursais bancarias nas nosas parroquias foille sumando recortes nos servizos sanitarios, un servizo de ferrocarril deficitario e do século pasado, e agora leva anos intentando desmantelar o servizo de transporte de autobuses, adxudicando rutas e servizos que non se cumpren e que están servindo para pechar ou facer insostíbeis as pequenas empresas locais de transporte.

ACORDOS LOGRADOS:

Primeiro. demandar da Xunta unha urxente solución á problemática; concretada especialmente no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, para atender ás necesidades da poboación

Segundo. revisar os convenios coas empresas adxudicatarias e esixir o cumprimento íntegro das condicións.

Terceiro. Instar á Xunta de Galicia a facer cumprir os pregos ás empresas adxudicatarias que prestan servizo no noso concello.

Cuarto. Instar á Xunta de Galicia a revisar e modificar os pregos para próximas convocatorias de transporte co obxectivo de mellorar o servizo prestado incentivando a contratación de pequenas empresas asentadas no rural, como viña facendo ata hai poucos anos.

Actividade do BNG Ortigueira

👉30/08 Petición dunha xunta de portavoces para tratar os problemas nos centros educativos antes do comezo do curso escolar. **Sen resposta** por parte do goberno PP-XA e si a aceptación por parte de PSOE e PO.

👉Comisión extraordinaria de contas. Aprobación ou non das contas de 2022. Participouse como portavoz do grupo mixto (BNG e XA) de dita comisión.

👉Xunta de Portavoces (non oficial). Para que nos presentaran propostas do POS24 e incluír posíbeis propostas da oposición.

👉06/09 Rexistrada petición de acceso á información do contrato do Concello coa empresa Aquagest (Viaqua). **Aceptada**, mais non se cumpriu o prazo no acceso á mesma (deron un prazo máximo de 5 días para ter acceso, e **non se cumpriu dito prazo**).

👉12/09 Rexistrada petición de acceso á información relacionada cos posíbeis convenios Concello de Ortigueira e transportes públicos Monbus e o cumprimento dos horarios e acordos. Sabemos que hai un convenio e a empresa incumpe algúns artigos. **Sen resposta** (ao peche do voceiro).

👉21/09 Presentada moción para tratar as deficiencias nos centros educativos públicos do concello na comisión de asuntos xerais e no pleno de setembro.

👉Comisión Ordinaria de Asuntos Xerais. Turno de portavocía para o grupo XA. BNG só podería estar presente, con voz pero sen voto.

👉29/09 Presentada moción sobre a situación do transporte por estrada na comarca do Ortegal e Ferrolterra.

👉29/09 Pleno ordinario setembro

👉30/09 I Encontro de Concelleiras do BNG da Comarca Ferrolterra, Eume e Ortegal

👉Reunións con diferentes asociacións e sectores de traballo para coñecer de primeira man a situación e posíbeis problemáticas



I Encontro de Concelleiras do BNG das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal


Desde a Asemblea Comarcal deuse comezo ao novo curso político co I Encontro de Concelleiras do BNG dos concellos que forman parte das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. Participando algo máis de 50 concelleiras cheas de ganas, ilusión e iniciativas políticas para construír, tecer e crear unhas comarcas fortes e con futuro.



O BNG de Ortiq ueira presenta a súa páxina web <https://ortigueira.bng.gal>

Coñecedores da importancia de ter presenza nas redes sociais e das tecnoloxías de información e comunicación para chegar a toda a veciñanza, o BNG de Ortiq ueira presentou a súa páxina web, que se suma xa ao traballo de difusión a traves de facebook, instagram, whatsapp e telegram.

Nesta web pódese ter acceso directo aos plenos desta legislatura 2023-27, a actividade que se leva realizando desde mediados de 2023 e tamén, información sobre a convocatoria da Asemblea Local ou a descarga de balde do voceiro.



O BNG presenta ao Pleno Municipal unha declaración institucional contra o P.E. Barqueiro e o P.E. Badulaque

A proposta foi aprobada por unanimidade no pleno ordinario do 10 de agosto con 12 votos a favor: BNG, PSOE, PO e PP.

Despois de manter conversas cos diferentes portavoces dos partidos políticos locais e vista a oposición que mostraron á instalación dos P.E. Barqueiro e P.E. Badulaque, o BNG de Ortiq ueira presentou unha **primeira proposta** de Declaración Institucional aos demais partidos para incluír e/ou debater os diferentes puntos e incluír posibles enmendas, co obxectivo de lograr o maior consenso posible antes de levala ao Pleno Municipal.

Unha vez presentada a proposta e **só recibir suxerencias de PSOE e PO**, incluímos a Declaración Institucional para que se lese e votase no pleno ordinario do mes de xullo, que finalmente se celebrou o 10 de agosto. En dito pleno **logrouse o consenso e apoio unánime** das concelleiras e dos concelleiros presentes, isto é, 12 votos a favor (BNG 1, PSOE 4, PO 2 e PP 5).

Cabe destacar que entre **os acordos** se recollía solicitar a paralización de todos os proxectos eólicos en tramitación (ademais do PE Barqueiro e Badulaque, tamén está o de Penas Longas) ou que se anulase o PE Barqueiro como proxecto de incidencia territorial con función vertebradora e estruturante do territorio, esixirlle ao Estado que non autorice a instalación do PE Barqueiro e PE Badulaque e, ademais, dar traslado á Xunta de Galiza e *Ministerio de Transición Ecológica y el Reto Demográfico* deste acordo logrado polo consenso de todos os partidos que conformamos a corporación municipal.

sábado 21 de outubro
ás 20:00h - Espasante
Restaurante Orillamar



O BNG celebra unha nova Asemblea Aberta o 21 de outubro en Espasante

DEBATER, ORGANIZAR, MOBILIZAR... PARTICIPA!

O pasado agosto o BNG de Ortigueira celebrou a súa primeira Asemblea Aberta municipal. Nela participaron militantes, simpatizantes e persoas a título persoal que puideron expresar as súas opinións e sobre a actuación do BNG a nivel local nestes meses de presenza na corporación municipal. escoitáronse opinións e valoracións para ir mellorando as asembleas, a comunicación e a organización.

A valoración que facemos sobre este formato é moi positivo e queremos mantelo e consideramos que a realización de Asembleas Abertas a toda a cidadanía é unha ferramenta imprescindible para a participación e a transparencia pola que apostamos. De darlle á cidadanía voz, a oportunidade de ser escoitada, e de trasladar as súas queixas e inqedanzas aos reponsábeis políticos locais.

De aí que convidamos a toda a cidadanía a asistir á nosa Asemblea Aberta do vindeiro 21 de outubro ás 20:00h en Espasante, no Restaurante Orillamar.

o debate fainos máis fortes

A OPINIÓN PERSOAL DE...



Marco Schaal, concelleiro e portavoz municipal

O PP demostra nos plenos que é o PP de toda a vida.

Se xa demostraron ao longo destes anos que non saben estar na oposición, moito menos demostran que saben estar no goberno. A súa política cos que discrepan o máis mínimo segue sendo a que é. Se se traen temas que non lles gustan, adícanse a embarrar e montar un circo nos plenos. Tampouco se cortan en ocultar información á oposición pero o máis grave é que tamén o fagan coa veciñanza.

Son profesionais en crispar e "meter cizaña" por doquier e, se ven que as cousas non van como queren, comezan a realizar acusacións falsas con tal de intentar desacreditar ao BNG ou ao resto da oposición.

A min esta política de "terra queimada" que está levando a cabo o PP de Ortigueira no que levamos de lexislatura sóbrame, e o mellor que lle podería pasar a Ortigueira, xa non falo a longo prazo senón a moi curto, é que en Ortigueira governe o partido que é capaz de dialogar e chegar a consensos e acordos con todos os demais e si... somos nós. O BNG de Ortigueira.

**CONTACTA
CO BNG**



ortigueira@bng.gal



[@bng_ortigueira](https://www.instagram.com/bng_ortigueira)



t.me/informacionBNGortigueira



[bng.ortigueira](https://www.facebook.com/bng.ortigueira)

Entrevista coa portavoz nacional do BNG, Ana Pontón:



ANA PONTÓN: "É O MOMENTO DO CAMBIO GALEGO, DE FACER QUE O BNG GOBERNE A XUNTA DE GALIZA"

Como valora o BNG o actual momento político e social?

Estamos nunha situación aberta. No Estado pode volver haber un goberno alternativo á alianza entre Feixóo e Abascal. Desde o BNG xa dixemos que estamos dispostos a negociar para poder apoialo. Vai depender de que haxa unha aposta clara por cumprir cos temas galegos. Con Galiza, todo; sen Galiza ou contra Galiza, nada. Esa é a nosa posición, a que van defender Néstor Rego e Carme da Silva en Madrid.

E por outra banda, aquí no propio país, estamos ás portas dunhas eleccións Galegas que son unha oportunidade histórica. É perfectamente posíbel sacar ao PP da Xunta. Temos o reto de facer realidade o cambio galego e conseguir que a Xunta de Galiza estea liderada polo BNG.

A nivel social a crise de prezos segue causando estragos...

Desde logo. Hai milleiros de persoas traballadoras que o están pasando mal por causa da alza de prezos, que afecta a todos os ámbitos da vida. E temos ámbitos como a situación sanitaria, o espolio eólico ou a discriminación que padecemos no financiamento autonómico que agravan a situación e poñen en evidencia a necesidade de pór os recursos galegos ao servizo da sociedade galega, para poder garantir servizos públicos de calidade, coidados, crear emprego de calidade... O traballo social vai ser unha prioridade do BNG neste momento.

En poucos meses, Galiza vai ter que escoller entre un goberno de Rueda ou un goberno de Ana Pontón. Son dous modelos antagónicos.

Si, dous modelos contrapostos. O modelo do PP para Galiza é máis do mesmo: invasión e espolio eólico, eucaliptos e Xacobeo. Nós queremos unha Galiza forte e con futuro: con industria, innovación, emprego de calidade e unha acción pública forte ao servizo do desenvolvemento de todo o noso potencial como país. É o momento de crear unha grande onda de cambio, ao redor do BNG, para abrir un tempo novo que faga avanzar Galiza.

Temos o reto de facer realidade o cambio galego e conseguir que a Xunta de Galiza estea liderada polo BNG.